

Hoxe reuniuse o grupo de traballo de Acción Social para tratar o Plan de 2024. O orzamento total é o mesmo que o do ano pasado porque a día de hoxe, os orzamentos do Estado están prorrogados.

As principais novidades do Plan do 2024 son as seguintes:

- Incremento da contía de todas as axudas. Na súa meirande parte, ese incremento é de 50 € sobre o importe que tiñan o pasado ano.
- A percepción do total de cada axuda vai en función da renda da persoa traballadora. Acordouse un baremo onde as persoas cunha renda de ata 10.000€ percibiría o 100% da axuda reducíndose ata o tramo máis alto de renda, que sería superior ós 55.000 €, que só podería chegar ó 25% do importe da axuda que lle corresponda.
- Créase unha nova axuda para os gastos de libros de texto do temario de promoción interna.
- O Ministerio está estudando a proposta da parte sindical, agás a CIG, de crear un novo suposto dentro das axudas sanitarias que sería para as vacinas contra alerxias que non cubre a Seguridade Social.

A postura que defendeu a CIG na reunión foi a de rexeitar o recorte de orzamento que mantén o goberno dende o ano 2011 e manifestar que a proposta presentada polo Ministerio, dentro do orzamento dispoñible, parécelle razoable agás as axudas para vacinas.

Estamos en desacordo con esa proposta por dous motivos:

1. O orzamento total de que dispoñemos é o mesmo que o do ano pasado e xa se creou unha nova axuda polo que temos os mesmos cartos para repartir entre máis cousas. De feito, sacouse orzamento das axudas ordzamentarias para darllo á de Promoción interna.
Se agora incorporamos un segundo tipo de axuda e posible que o que se consiga sexa que percibamos menos cantidade por cada solicitude ó haber menos cartos a repartir.
2. O noso sistema de seguridade social financia as vacinas que se consideran necesarias para o conxunto da poboación, incluídas as vacinas contra as alerxias. Para incorporar vacinas non cubertas a determinados colectivos habería que facer un estudo con información médica, algo para o que non temos tempo porque o Ministerio deixar pechado o Plan de acción social esta semana.